

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

DESTINATARIO/A

TABOLEIRO DE ANUNCIOS

Pola presente publícase literal do Decreto Nº 801/2024 de data 20-12-2024 no que se convoca a sesión Ordinaria do Pleno do Concello.

**EXPEDIENTE DE CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO 26 DE DECEMBRO DE 2024**

**EXPEDIENTE Nº 2024/G010/000017**

**“Descrición decreto: EXPEDIENTE CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO 26 DE DECEMBRO DE 2024**

**EXPEDIENTE Nº 2024/G010/000017**

**DON JOSÉ SIMOES COUCEIRO ALCALDE EN FUNCIÓNS DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).**

*En uso das atribucións que me confiren os artigos 21.1 c) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o artigo 80 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e o artigo 61.1.c da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e tendo en conta a relación de expedientes conclusos redactada pola secretaria da Corporación o día 20.12.2024, conforme ao establecido nos artigos 81.1a) e 177.2 do Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, e o artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, **RESOLVO:***

**PRIMEIRO.** - Convocar a todas as persoas membro do Pleno da Corporación á **Sesión ordinaria** que terá lugar no Salón de Sesións da Casa Consistorial, o próximo xoves **día 26.12.2024 ás 12:00 horas** en primeira convocatoria e, no caso de que non existira o quórum preceptivo na primeira convocatoria e segundo o disposto no artigo 90 Real Decreto 2568/1986, entenderase convocada a sesión automaticamente a mesma hora dous días despois.

**SEGUNDO.** - Fixar para a devandita sesión a seguinte **ORDE DO DÍA:**

- 1 RECTIFICACIÓN DE ERROS MATERIAIS NO ACORDO ADOPTADO POLO PLENO DO CONCELLO EN SESIÓN ORDINARIA DE 28.11.2024 SOBRE O PUNTO 5, MODIFICACIÓN DO ACORDO REGULADOR DAS CONDICIÓN DO TRABALLO DO PERSOAL FUNCIONARIO DO CONCELLO DE PONTEDEUME**
- 2 PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ ADICIONAL 1/2025" DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS**



**SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DAR CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN MUNICIPAL 4/2022; REMISIÓN AO MINISTERIO DA INFORMACIÓN RELATIVA AO PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO (PMP) E MOROSIDADE (CUARTO TRIMESTRE 2021)**

**3 ASUNTOS DE URXENCIA.**

**4 ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES**

**5 ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA PRESIDENCIA**

**6 ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS**

**TERCEIRO.-** *Que a presente sexa notificada en tempo e forma a todas as persoas que deben de asistir ao Pleno, así como á secretaria xeral e á interventora municipal, e publicar no taboleiro de anuncios do concello e no portal de transparencia do Concello. (www.pontedeume.gal)*

**CUARTO.-** *Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.*

*En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde en funcións D. José Simoes Couceiro (delegación conferida mediante Decreto 796/2024 de 18 de decembro) do que eu, D<sup>a</sup> Ana Ramos Ramos como secretaria municipal, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do Real decreto 128/2018, de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro)."*

En Pontedeume, asinado dixitalmente na na data que figura na marxe polo/a funcionario/a tramitador/a así como pola Secretaria Xeral do concello de Pontedeume Dona Ana Ramos Ramos. (Asinado aos efectos do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do decreto 24/2018 do 15 de Febreiro).